

PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO 2022/2023

Información xeral do proceso

O día 1 de marzo comeza o prazo para a presentación de solicitudes de admisión para o próximo curso. O prazo ordinario remata o día 21 do mesmo mes. A continuación poden consultar a información detallada e nos adxuntos atoparán a documentación do proceso.

NORMATIVA REGULADORA

- [Decreto 13/2022 do 3 de febrero polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.](#)
- [Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado.](#)
- [Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 de desenvolvemento do procedemento.](#)

GARANTÍA DE PERMANENCIA

- Sen prexuízo desta garantía, os pais, nais ou persoas titoras do alumnado, poderán presentar unha solicitude de admisión noutro centro educativo, debendo remitir ao centro de orixe copia da solicitude de admisión presentada no novo centro. O alumnado escolarizado nun centro **SÓ PERDERÁ O DEREITO DE PERMANENCIA SE RESULTA ADMITIDO NO NOVO CENTRO.**
- Só se poderá presentar **unha única solicitude no centro de primeira opción**, no caso de incumprilo, perderase a prioridade.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a **renuncia á reserva antes do 28 de febreiro.**

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- A solicitude, mediante o impreso ([ED550B](#)), que poden descargar dende o 1 de marzo en <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> ou se o prefiren, facilitarase gratuitamente no Centro.
- DNI ou libro de familia que acredite a idade do alumno/a.
- Documento que acredite que o alumno/a reúne os requisitos académicos para o nivel solicitado. (Certificado de matrícula).
- En caso de separación ou divorcio, a resolución xudicial correspondente.

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

Preferiblemente online <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>, ou ben presencialmente na SECRETARÍA do centro.